

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

A24

**1380, xaneiro, 6**

*Fernando Pérez afora a perpetuidade a Francisco Martínez unha herdade en Bamio (freguesía de Santo Eusebio) por seis pares de diñeiros brancos. (fol. 16)*

Sabeam quantos esta carta viren que eu Fernando Peres morador em Out(...) Selas, dou a foro a vos (fº p)\* Francisco Martines, morador em Vameo /a vosa (...) e a toda vosa vos para senpre\ que he (...) freguesia de Santo Seveo, a herdade que Mariña Peres avia em Vameo, que foi de meus avoos e seus, por tal condiçõn que dedes della cada anno a Joan Garçia de Santo Seveo seys pares de diñeiros brancos desta moeda husual que ora corre por dia de natal e do al avello hedes lyvre e quite de todo outro embargo pagando disemo a deus. Outrosy foy posto que a parte de nos que contra esto pasar que peite a outra parte que o quiser agoardar por penna XX C de diñeiros brancos e a vos del rey outros tantos, e a penna pagada ou non esta carta e foro fique firme para senpre. Feita a carta em Santo Seveo, sesta feira VI dias de janeiro, era de mill e quatroçentos et des e oyto annos. Tests. que foron presentes (...) e Lourenço de Cima de Vyla e Joan Martines de Pol m(...) e outros.